

Santa Comba en festas

CEDIDA

A capital xalleira bótase á rúa para vivir o San Pedro por todo o alto

As celebracións prolongaranse ata o día 30 con verbenas, pasarrúas e actos relixiosos

Redacción

Santa Comba celebra por todo o alto unha nova edición das festas na honra de San Pedro, San Antonio e a Virxe do Carme, un programa que combina tradición, gastronomía popular, música e actividades festivas variadas.

As celebracións comezaron o martes 23 cunha gran sardiñada popular e a tradicional cacharela de San Xoán nunha noite que rematou coa verbena amenizada pola disco móbil CDC.

A festa continúa hoxe venres 26. A programación arranca ás 21.30 horas cunha foliada organizada pola A.C. Axio Mouro e terá un dos seus momentos máis destacados co pregón, a partir das 22.30 horas, que este ano correrá a cargo de Gandeirías do Xallas. A primeira gran verbena das festas estará protagonizada pola orquestra La Fórmula e a Macro CDC.

Mañá sábado 27 chega unha das xomadas máis intensas do programa. A charanga Os Celtas animará as rúas desde a mañá e compartirá protagonismo na sesión vermú coa orquestra Fuego. Pola tarde haberá pasabares e, xa entrada a noite, a música volverá tomar o recinto festivo cunha verbena que reunirá sobre o escenario a Fuego, Panorama City e a disco móbil CDC.

O domingo 28 combinará os actos relixiosos coa animación de rúa. Tras

a misa por toda a parroquia, os Cabezudos Papamoscas e Santa Combers percorrerán as rúas antes dunha longa xornada musical coa orquestra Los Españoles e a disco móbil Impacto, encargadas de amenizar a sesión vermú, o tardeo e a verbena.

O luns 29, día grande de San Pedro, arrancará cos pasarrúas do grupo de gaitas Santa Combers. Ás 13.00 horas celebrárase a misa so-



A orquestra Panorama City nunha das súas actuacións.

lemne seguida da procesión, mentres que o grupo M-3 Show porá música á sesión vermú. Xa pola noite, compartirá cartel coa orquestra Finisterre nun-

ha nova verbena.

As festas concluirán o martes 30 coa misa na honra de San Antonio e unha última sesión vermú amenizada

polo trío Alborada, poñendo o broche final a varios días de celebración nos que Santa Comba será punto de encontro de veciños e visitantes. ■

CEDIDA



O grupo de gaitas Santa Combers amenizará as festas o domingo 28 e luns 29.

R5

EL ICÓNICO

RENAULT 5 E-TECH

AMARILLO POP!

hasta 400 KM

carga rápida

MRE DO QUIERA CARBALLO SANTA COMBA

www.talleresbaeato.com

ÓPTICA POSE

DROGUERÍA | PARAFARMACIA | ÓPTICA

EXPERTOS EN MEJORAR TU SALUD VISUAL

GAFAS DE VISTA

GAFAS DE SOL

LENTE DE CONTACTO

35

AÑOS A SU SERVICIO

Av. de Alfonso Molina, 45. 15840 Santa Comba • T. 981 880 215

Suministros de Ortopedia do Xallas

Queremos mejorar su calidad de vida

Av. de Alfonso Molina, 91. 15840 Santa Comba • T. 981 881 472

Escapadas con encanto

Redacción

O río Xallas é o emblema da bisbarra á que lle dá nome. É un río curto, de apenas 64,50 quilómetros, que nace en Monte Castelo, na parroquia de Bazar, en Santa Comba, a tan só 440 metros de altitude sobre o nivel do mar. Pero, froito da confluencia de varios regos (Castiñeira, Vilamaior e Bazar) vaixe afirmando a cada paso con regatos, birtas, tributos e acuíferos, como se entre todos quisexen facer un gran río ata a súa desembocadura no Monte Pindo. Ao seu paso baña os concellos de Santa Comba e Mazaricos, xunto a Dumbría, recibindo achegas de augas procedentes de Zas, A Baña, Coristanco, Carnota e Mazaricos, antes de botar as súas augas ao mar a través da ría do Ézaro.

A característica que lle confire un dos perfís máis orixinais de Galicia é a inversión do comportamento normal dun cauce fluvial, xa que discorre nos seus tramos altos e medio de forma paseniña, sen encaixarse debido á horizontalidade da chaira que cruza o substrato rochoso que atravesa, para adquirir no seu derradeiro tramo un gran pulo que lle permite atravesar o Monte do Pindo e precipitarse nunha caída de máis de 200 metros ao mar nunha ferverza de impresionante beleza no mesmo monte, no lugar do Ézaro. Un feito natural que converte o río Xallas no único de Europa que desemboca en ferverza.

Con todo, na actualidade é difícil gozar desta marabilla da natureza, porque, a pesar da declaración formal de paraxe natural protexida, está canalizado por unha hidroeléctrica.

Este fenómeno só sucede, daquela, en épocas de grandes e continuas choivas que superan a capacidade da factoría ou nos domingos do verán con fins turísticos. Este inverno, sen ir máis lonxe, foi un bo momento para

Xallas, río único en Europa e no ADN de Santa Comba

O curso fluvial que dá nome á bisbarra nace a 440 metros de altitude e, tras baixar 64,5 km e atravesar o Monte Pindo, cae á ría en ferverza



CEDIDA

Espectacular imaxe panorámica do río Xallas, que nace a 440 metros de altitude no concello de Santa Comba.

gozar da Ferverza, especialmente nos meses de xaneiro e febreiro, cando o caudal do Xallas superaba por momentos os 100 me3/s.

A documentación existente asegura que un terremoto alterou a faz destes terreos alá polo ano 1217.

A existencia dun solo granítico no seu segundo treito favorece o seu encaixamento, que foi aproveitado para a creación do Encoro da Ferverza, presa de Castelo, no municipio de Mazaricos, e encoro da Ponte Olveira, no municipio de Dumbría.

Desde o punto de vista deportivo, este é o río tradicional de pesca á culler das terras xallenses. Desde a presa da ferverza, no límite superior do



ECG

Área recreativa de Vilafernández, bañada por augas del Xallas.

couto, augas abaixo, ofrece un tramo ben completo en lonxitude e prestacións, cunha mínima foresta nas beiras, pouca profundidade, fondo pedregoso e areoso con vexetación conxuntural e facilmente vadeable.

Dous coutos de pesca

O río ten dous coutos de pesca: o do Xallas, no lugar de Beba (Mazaricos) e o de Santa Comba, no afluente coñecido como Abuín.

De feito, este couto troiteiro de Xallas-Beba é dos primeiros de pesca sen morte habilitados en Galicia e, debido á abundancia de peixes, é escenario habitual das competicións de pesca deportiva na comunidade, tanto o Open Presidente da Xunta de Dúos como moitos provinciais ou autonómicos nas modalidades de pesca a mosca e de lance.

No caso do couto de Santa Comba, é con morte e cunhas características moi diferentes: río de chaira, entre prados e granxas que se enche moi cedo de vexetación acuática, o que por un lado dificulta a pesca, pero polo outro protexe as troitas, razón pola que se trata dun dos tramos fluviais con maior abundancia de troita e de escalo de toda a comunidade.

Por se isto non fose pouco, o encoro da Ferverza é un paraíso natural para a pesca, onde cada ano se celebra tamén o campionato galego de mosca e de lance de lago.

Lecer a carón do río

O río Xallas achega auga e riqueza á comarca, pero tamén lecer. A praia fluvial de Esmorode (Santa Comba) é lugar habitual de baño no verán pero tamén de picnic as fins de semana de todo o ano. Na ferverza hai un aeródromo e áreas recreativas como Vilafernández, con observatorio de aves; e por baixo, pista de augas bravas. ■



CAFE BAR



LATTEXA

**Especialidade
en Café e almozos**

 **lattexastc**
 **lattexa cafe bar**
 **www.lattexa.com**

R/ Lugo, 36 baixo • 15840 Santa Comba
A Coruña • T. 881 97 91 32



**REPONEMOS
TU DENTADURA
FIJA EN UN DÍA
SOBRE IMPLANTES**

CON LA TECNOLOGÍA MÁS AVANZADA
Y LOS MEJORES PROFESIONALES
PARA TU SEGURIDAD



CLÍNICA DENTAL POSE
Un concepto de clínica que ofrece a nuestros pacientes los últimos avances del sector.

DIENTES EN 7 HORAS
En la misma sesión se realiza la extracción y la colocación de los implantes y dientes fijos.

TU TRATAMIENTO EN UNA ÚNICA SESIÓN
Gracias a este protocolo de actuación, podemos tratar al paciente en una sola cita quirúrgica.

WWW.CLINICAPOSE.ES

Rúa do Restollal, 28/30
Santiago
+34 981 940 542
C.15001683

Avda. Alfonso Molina, 45 - 2º
Santa Comba
+34 981 880 070
C-15-000369